



INFORMA

MESA SECTORIAL DE XUSTIZA 17-6-2025

RPT da Fase III (AS 7 CIDADES), proceso de REORGANIZACIÓN e BASES DOS PROCESOS DE CONCURSO ESPECÍFICO.

SPJ-USO SEGUE A NEGARSE A SER CÓMPLICE DA MAIOR PERDA DE DEREITOS DA HISTORIA PARA OS FUNCIONARIOS DE XUSTIZA, MENTRES A DXX SEGUE “REPARTINDO CAMELOS” A CONTAGOTAS, NUNHA NEGOCIACIÓN VICIADA E VACIADA, ADEMAIS DE POLA FALTA DE VONTADE NEGOCIADORA DA XUNTA, POLO ACORDO NACIONAL FIRMADO POR 4 SINDICATOS!!!

SPJ-USO como punto de partida seguiu esixindo, unha vez mais a creación de EQUIPOS DIFERENCIADOS e ESTRUCTURAIS NAS RPT DAS 7 CIDADES (UN POR CADA ORDE XURISDICCIONAL EN CADA ÁREA, E UN DE REXISTRO E REPARTO E OUTRO DE ACTOS DE COMUNICACIÓN DENTRO DO SERVIZO COMÚN XERAL, ó que se negou a DXX amparándose nos modelos de referencia e no acordo firmado a nivel estatal.

Tamén solicitamos equipos específicos de FAMILIA e Vixiancia Penitenciaria, tendo ademais en conta que a execución de Vixiancia Penitenciaria levaríase no Servizo Común de Tramitación (non no de execución, por ser a excepción).

NOVIDADE E PRIMEIRO “CAMELO” QUE NOS DÁ A DXX: Nesta reunión a DXX accedeu á **CREACIÓN DE EQUIPOS ESTRUCTURAIS en: 2 en Ferrol, 1 en A Coruña e 1 en Vigo**, negándose á súa creación nas 4 cidades restantes.

FERROL: UN EQUIPO CIVIL E UN EQUIPO PENAL NO SERVIZO COMÚN DE TRAMITACIÓN. Ningún equipo nos demais servizos. A TODAS LUCES INSUFICIENTE PARA SPJ-USO.

VIGO E A CORUÑA: UN EQUIPO DE FAMILIA DENTRO DA ÁREA CIVIL DO SCT de Vigo, cunha dotación de 9 xestores e 9 tramitadores e o mesmo en A Coruña, con 6 Xestores e 6 Tramitadores. Ningún equipo nos demais servizos. A TODAS LUCES INSUFICIENTE PARA SPJ-USO.

NOVIDADE E SEGUNDO “CAMELO”: Engádense unha praza de tramitación a maiores para levar VSM na Coruña, en Santiago, en Ourense e en Vigo.

TERCEIRO “CAMELO”: Como vos informamos en anterior nota informativa, SPJ-USO solicitou a ampliación da plantilla dos Rexistros Civiles de Ferrol, Lugo e Pontevedra en un Tramitador para que a plantilla fose 2-3-1. A DXX accede a ampliar a plantilla do RC en FERROL E LUGO en 1 tramitador, polo que pasaría a 2-3-1.

PONTEVEDRA SERÍA A CIDADE DE GALICIA CON MENOR PLANTILLA NO REXISTRO CIVIL DAS 7 CIDADES, O QUE PARA SPJ-USO É INCONCEBIBLE, e reiteramos solicitude.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>



INFORMA

SPJ-USO MOSTROU, UNHA VEZ MAIS, A SÚA ROTUNDA OPOSICIÓN Á CREACIÓN DE PRAZAS DE LIBRE DESIGNACIÓN E CONCURSO ESPECÍFICO.

REORDENACIÓN DE EFECTIVOS DA FASE 3 - NOVIDADES.

A reorganización de efectivos da fase 3 tería as seguintes fases por esta orde: CONVOCATORIAS DE LD (libre designación), CONVOCATORIAS DE CE (concurso específico), CONFIRMACIÓN (preferencia antigüidade NO POSTO ACTUAL), REORDENACIÓN DE EFECTIVOS (preferencia polo CENTRO DE DESTINO ACTUAL) e finalmente REASIGNACIÓN FORZOSAS.

NOVIDADE IMPORTANTE: A SOLICITUDE DE SPJ-USO NA ANTERIOR REUNIÓN, na fase de confirmación, a fin de evitar que poidan confirmarse tódolos funcionarios dunha orde xurisdiccional dentro dunha área e ningún de outro orde, a administración establecerá a porcentaxe correspondente segundo a distribución actual (exemplo da área civil: contencioso-administrativo, social, instancia, familia, mercantil...), e confirmará en idéntica proporción na área que corresponda.

O persoal do corpo de auxilio confirmarase no Servizo común xeral, na área que no se caso, corresponda.

CONFIRMACIÓN NO POSTO: Dende o parecer de SPJ-USO a administración pretende confirmar de oficio nos postos a unha porcentaxe excesiva de funcionarios, tendo en conta as circunstancias que logo explicaremos. Non cabe dúbida que o persoal de Decanato, Oficinas de Rexistro e Reparto, SCNE, Xulgados de Instrucción, funcionarios de Violencia no seu caso, servizo común xeral, información ó cidadán, Rexistro civil e algúns outros pódense confirmar automaticamente nos seus postos da nova oficina sen maior problema.

Pero ben, SPJ-USO considera que se debe valorar con detemento e negociar, e así o explicamos nas nosas alegacións, a confirmación por exemplo, como pretende facer a DXX nas Áreas Civiles tanto do SCT (tramitación) como do SCEX pois non tódolos xulgados reparten o traballo de tramitación para uns e de execución para outros, se non que moitos xulgados, tanto civiles, sociais, contencioso, mercantiles, penales, etc reparten o traballo actualmente por números, e a confirmación automática polas funcións actuais penalizaría a estes últimos polo simple feito de levar tanto tramitación como execución, e veríanse abocados á fase de reordenación, polo que se daría o caso de que un funcionario que levase trámite nun xulgado do penal por exemplo durante 2 anos podería ir ó SCT antes que un funcionario que levase 20 anos tramitando por números, por exemplo.... (explicarémolo nos centros de traballo).

ASIGNACIÓN DE RPT NO CASO DE PRAZAS VACANTES

Colocarase en primeiro lugar ao persoal titular e despois ao persoal interino.

De existir varias vacantes o persoal funcionario será adscrito a unha praza, de existir, na unidade que se asemelle á unidade do posto que ocupaba de similar contido, é dicir, se a orixe era, por exemplo, un posto no xulgado con competencias en rexistro civil, será asignado na oficina xeral de rexistro civil, ou se o posto era no decanato, no servizo común xeral.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 - Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Blogue <http://spjusogalicia.com>



INFORMA

Para o resto de casos ordenaranse todas as prazas de menor a maior código na RPT e as persoas sen praza de maior a menor antigüidade no posto que ocupaba antes do proceso de reorganización, de tal maneira que se asignará o código menor da RPT á persoa de maior antigüidade e así sucesivamente.

ROGOS E PREGUNTAS:

- **PROLONGACIÓNS DE XORNADA PARA FORMACIÓN CON MOR DO CONCURSO DE TRASLADOS:** SPJ-USO esixiu á DXX que se concedan cantas prolongacións de xornada sexan precisas para formación dos funcionarios adxudicatarios do concurso de traslados. Manifestan que se estudiará cada caso.
- **PERMISO PARA FUNCIONARIOS QUE REINGRESAN NO CONCURSO DE TRASLADOS CONFORME Á DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA:** Tralo escrito presentado por SPJ-USO, preguntamos se se vai conceder o dito permiso, tal como se fai en tódolos territorios. A resposta foi un rotundo e infundado NON. A loita continúa pola nosa parte.
- **FUNCIONARIOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS, SUBSTITUCIÓNS E INTERINOS DA FASE 1 (POBOS):** Nos casos en que non proceda por exemplo o cese por cambio de situación xurídica nunha substitución, etc, na vindeira semana comezarán a remitir os acordos de confirmación para rematar coa reorganización da fase 1.
- **CONCURSO DE TRASLADOS 2024-2 DOS POBOS:** Maniffesta a DXX que prevén que non se publique ata alomenos o mes de setembro.
- **TRAXECTORIA PROFESIONAL:** Infórmansenos que neste mes de xuño se remate a negociación da mesma para os funcionarios da Xunta, e unha vez pechada esta comezaríase de xustiza, manténdose en todo caso a retroatividade a 1-1-25.

Prevese nova convocatoria de Mesa para a vindeira semana.

SPJ-USO: Manterémosvos puntualmente informados!!!

SPJ-USO: BASTA XA!!! SON OS TEUS DEREITOS; SON OS NOSOS DEREITOS!!!


**SPJ-USO: OS TEUS DEREITOS,
O NOSO TRABALLO** 

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>